

Os verbos

1. Escribe os verbos que aparecen no texto.



A cociña en marcha

Que actividade na cociña pola mañá! A torradora torra pan, o espremador espreme laranxas e o batedor bate amorodos con leite. Mmm, que almorzo máis rico! Entrementres, o cociñeiro asa a carne para o xantar. Canto movemento!



2. Escribe o infinitivo das seguintes formas verbais.

- | | |
|--------------------|-------------------|
| • comeu: _____ | • canto: _____ |
| • xoguei: _____ | • falou: _____ |
| • estudamos: _____ | • perderon: _____ |

3. Completa cada oración coa forma verbal axeitada.

- Mañá, se non chove, todos (*xogar*) _____ no parque da música.
- De nova, miña nai (*traballar*) _____ nunha tenda de roupa.
- Sabes que o avó (*estudar*) _____ inglés desde hai dous meses?
- Esta empresa (*fabricar*) _____ o primeiro coche hai noventa anos.

4. Escribe o infinitivo dos verbos que aparecen nas oracións.



- As andoriñas fixeron un niño no balcón da casa. ► _____
- Cos zapatos furados, non chegarás moi lonxe. ► _____
- Adela le un conto cada día na biblioteca do cole. ► _____
- O meu amigo Xenxo sempre escribe con boli azul. ► _____

5. Marca as formas que pertencen ao verbo patinar.

- | | | | | |
|----------|------------|-----------|-------------|-------------|
| • parte | • patinou | • peitea | • premiaron | • patinarás |
| • patino | • patinará | • patinei | • patine | • patinaba |

6. Escribe as formas que non rodeaches no exercicio anterior e escribe o seu infinitivo.



Forma: _____

Infinitivo: _____



Forma: _____

Infinitivo: _____



Forma: _____

Infinitivo: _____

7. Escribe o infinitivo que corresponda a cada forma verbal.

- | | | | |
|------------|---------|------------|---------|
| • aprendes | ► _____ | • fariamos | ► _____ |
| • dixeron | ► _____ | • serven | ► _____ |
| • estará | ► _____ | • berrou | ► _____ |

